



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Urbanismo

Aprobación definitiva do acordo de derogación da Ordenanza municipal reguladora de protección fronte á contaminación atmosférica por formas de enerxía e por formas da materia

EDICTO

O Excmo. Concello Pleno, en sesión levada a cabo o día 28 de xuño de 2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

9. DAR CONTA DA ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DE DEROGACIÓN DA “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PROTECCIÓN FRONTE Á CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA POR FORMAS DE ENERXÍA, (CONTAMINACIÓN ACÚSTICA, RUÍDOS E VIBRACIÓNS) E FORMAS DE MATERIA”.- Examinada a proposta que eleva o concelleiro delegado de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade, que textualmente di: “Con data de 27-06-2012 o xurista de urbanismo co conforme do Secretario Xeral emitiu o seguinte informe que literalmente di:

“Con data de 26-03-2012 aprobouse no Pleno a proposta de aprobación inicial de derogación da “Ordenanza Municipal de Protección fronte á contaminación atmosférica por formas da enerxía (contaminación acústica: ruídos e vibracións) e por formas da materia”, publicadas no BOP o 03-11-98 e que foi modificada puntualmente dúas veces (publicadas no BOP con datas de 31-05-2001 e 22-09-2004). Aperturouse o trámite de información pública por 30 días para a presentación de suxerencias e reclamacións, mediante a súa publicación no BOP de 24 de abril de 2012. Fronte a dito acordo do Pleno non se achegou reclamación ou suxerencia algunha segundo consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral do Concello de data de 7-06-2012, no que tamén consta o día de remate do prazo a data de 31-05-2012.

No artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón expresamente: “En el caso de que no se presentasen reclamaciones o sugerencias, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional”. Polo tanto, o acordo de aprobación inicial, provisional ata que remate o prazo de información pública, convírtese en definitivo unha vez transcurrido o prazo para achegar reclamación ou suxerencia sen que estas se achegasen, prazo que rematou o pasado 31-05-2012, dende cuxa data o acordo de aprobación definitiva enténdese legalmente adoptado.

Polo exposto, propónse ao concelleiro delegado de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos e Seguridade, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- En relación á derogación da “Ordenanza Municipal de Protección fronte á contaminación atmosférica por formas da enerxía (contaminación acústica: ruídos e vibracións) e por formas da materia “publicada no BOP o 03-11-98 e que foi modificada puntualmente dúas veces (publicadas no BOP con datas de 31-05-2001 e 22-09-2004).

1) Dar conta de terse producido, a partir do pasado 31-05-2012, a aprobación definitiva da derogación da “Ordenanza Municipal de Protección fronte á contaminación atmosférica por formas da enerxía (contaminación acústica: ruídos e vibracións) e por formas da materia” publicada no BOP o 03-11-98 que foi modificada puntualmente dúas veces (publicadas no BOP con datas de 31-05-2001 e 22-09-2004).

2) Facer a publicación regulamentaria.”

Tras dar conta á Comisión Informativa, propoño ao Concello en Pleno a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- En relación á derogación da “Ordenanza Municipal de Protección fronte á contaminación atmosférica por formas da enerxía (contaminación acústica: ruídos e vibracións) e por formas da materia “publicada no BOP o 03-11-98 e que foi modificada puntualmente dúas veces (publicadas no BOP con datas de 31-05-2001 e 22-09-2004).

1) Dar conta de terse producido, a partir do pasado 31-05-2012, a aprobación definitiva da derogación da “Ordenanza Municipal de Protección fronte á contaminación atmosférica por formas da enerxía (contaminación acústica: ruídos e vibracións) e por formas da materia” publicada no BOP o 03-11-98 que foi modificada puntualmente dúas veces (publicadas no BOP con datas de 31-05-2001 e 22-09-2004).

1. Facer a publicación regulamentaria.”

Previa deliberación, a Corporación deuse por enterada.

O que se publica para xeral coñecemento.

Ferrol, 18 de xullo de 2012

O concelleiro delegado de Medio Ambiente, Urbanismo, Seguridade e Servizos

Guillermo Evia Pérez

2012/9449